



SENDEIRO LITORAL

Coroso- Ríoazor

Roteiro lineal- 2,2km (ida) ⇌

DIFICULTADE BAIXA

Paseo marítimo que percorre a praia urbana de Coroso ata o areal de Ríoazor. Conta con áreas recreativas e deportivas para menores e adultos, servizos de restauración e carril bici. No horizonte pódese ver a illa de Rúa e a pequena illa dos Ratos.

INICIO

FIN



OFICINA DE TURISMO

TURISMO@RIBEIRA.GAL

981 873 007

WWW.TURISMO.RIBEIRA.GAL

SENDEIROS



Concello
de Ribeira





SENDEIRO LITORAL

Ribeira- Porto da Ameixida

Roteiro lineal- 1,8km (ida) ➡

DIFICULTADE baixa

Neste percorrido atravésanse areais e pasarelas de madeira que sobrevoan as rochas ata chegar ao porto da Ameixida, onde poden verse ancoradas as dornas, embarcacións tradicionais propias das Rías Baixas.

INICIO

FIN



SENDEIRO LITORAL

O Carreiro- Praia do Castro

Roteiro lineal- 2km (ida) ➡

DIFICULTADE baixa

Este sendeiro comeza na Rosa dos Ventos de Punta Castro e continúa sobre as pasarelas de madeira das praias do Castro e A Catía ata chegar ao Carreiro, en Aguiño. Desde onde vemos a illa de Sálvora.

INICIO

FIN



SENDEIRO LITORAL

Porto de Aguiño- Punta Couso

Roteiro lineal- 1,6 km (ida) ➡

DIFICULTADE baixa

Unha senda de camiños e pasarelas de madeira, que parte do porto de Aguiño, pasa polo peirao Fenicio da Covasa, o lavadoiro de Penisqueira e leva ata o miradoiro de Couso.

INICIO

FIN

